



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 292

VII lexislatura

21 de febreiro de 2007

---

## SUMARIO

---

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

#### **Admisión a trámite, asignación a Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas**

-07/PL-0026(17502)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

45933

- 07/PL-0027(17552)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Proxecto de lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia

45981

---

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación a Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 19 de febreiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

07/PL-0026(17502)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, verificado que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo de urxencia.

2.º Oír á Xunta de Portavoces para a súa asignación a comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º Abrir o prazo regulamentario de 8 días hábiles para presentación de emendas que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 2 de marzo de 2007 ás 18.30 horas.

Asignación a comisión:

Logo de oída a Xunta de Portavoces asígnase a Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2007

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 19 de febreiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PL-0027(17552)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Proxecto de lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, verificado que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º Oír á Xunta de Portavoces para a súa asignación a comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para presentación de emendas que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 10 de marzo de 2007 ás 13 horas.

Asignación comisión:

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2007

Dolores Villarino Santiago

Presidenta





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

RS/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de urxencia ao que se refire o artigo 98.1 do Regulamento da Cámara, achégolle "**Proxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de febreiro de 2007.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

  
Guillermo Varela Flores

Excmo. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de febreiro de dous mil sete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, coa solicitude da súa tramitación polo procedemento de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 98.1 do Regulamento da Cámara”.


E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, oito de febreiro de dous mil sete.

Vº. e Prace  
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA




**PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE  
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL DE GALICIA**



XUNTA DE GALICIA

### *Preámbulo*



Nas últimas décadas o modelo tradicional de asentamento da poboación en Galicia está a ser substituído por outro modo de ocupación indiscriminada do territorio que tende a un constante crecemento urbano renunciando á rexeneración dos tecidos urbanos consolidados.


Este modo de ocupación do territorio non é compatible co desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia e causa graves prexuízos económicos, sociais e ambientais, como son, entre outros, a ineficiencia económica polos elevados custes enerxéticos, de construción e mantemento das infraestruturas e de prestación dos servizos públicos; a segregación social e espacial; a contaminación atmosférica e das augas; a perda de espazos de cultivo e da biodiversidade; a degradación da paisaxe e do patrimonio cultural e a perda da identidade territorial.

Sen dúbida, o crecemento urbano segue sendo necesario, pero debe responder aos requirimentos do desenvolvemento equilibrado e sostible, minimizando os impactos daquel crecemento e apostando pola rexeneración das cidades e vilas existentes. A Unión Europea insiste claramente neste, por exemplo na Estratexia Territorial Europea ou na máis recente Comunicación da Comisión sobre unha Estratexia Temática para o Medio Ambiente Urbano, que deben ser os referentes para as políticas públicas sobre o territorio.

A definición do modelo de ocupación do territorio corresponde aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico que deben responder aos criterios de sostibilidade económica, social e ambiental.



XUNTA DE GALICIA



A Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, creou os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial. Sen embargo, xa queda lonxe a data na que se aprobou a Lei 10/1995, sen que se teñan aprobado as Directrices de ordenación do territorio, imprescindibles para integrar as políticas públicas sobre o territorio.

A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, pretendeu aliñarse coas políticas europeas de desenvolvemento sostible e, así, na súa exposición de motivos, declara que a súa finalidade é mellorar substancialmente a calidade da ordenación urbanística cara a favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural e garantir o dereito constitucional a desfrutar dunha vivenda digna nun contorno de calidade.

A referida lei dedica unha singular atención á protección das zonas costeiras establecendo novos criterios de clasificación do solo e unha regulación que se fundamentan en criterios de desenvolvemento sostible. Neste senso, dispón que o solo rústico de especial protección de costas está constituído polo terreos situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano que se atopan a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar (artigo 32.2.e), considera que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500 metros desde a ribeira do mar afecta aos intereses autonómicos dado o valor do



litoral como recurso natural e ambiental non renovable (artigo 85.7.d), e prevé un instrumento específico -o plan sectorial de ordenación do litoral- onde se recollerán as condicións específicas deste ámbito territorial (disposición transitoria oitava).

Pero a plena efectividade das medidas establecidas na Lei 9/2002 descansa esencialmente no plan xeral de ordenación municipal que é o instrumento de ordenación urbanística integral do termo municipal, clasifica o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, define os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establece as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

A pesares de ter finalizado xa o prazo para adaptar o planeamento urbanístico ao disposto na dita Lei 9/2002, a grande maioría dos plans de ordenación actualmente en vigor quedaron obsoletos porque nin se acomodaron á normativa urbanística e ambiental actualmente vixente nin resultan compatibles coas mínimas esixencias de sostibilidade económica, social e ambiental.


Esta falla de adaptación do planeamento á lexislación vixente resulta especialmente grave nun ámbito do territorio -a franxa de 500 metros dende a ribeira do mar- que afecta por imperativo legal (artigo 85.7.d) da Lei 9/2002, de 30 de decembro) *aos intereses autonómicos dado o valor do litoral como recurso natural e ambiental non revovable.*

Así, na maioría dos planeamentos vixentes dos municipios costeiros poden observarse áreas completamente desligadas da malla urbana que se clasificaron





como solo urbano; ou terreos nos que concorren valores merecedores de protección, que segundo o disposto nos artigos 15 e 32 da Lei 9/2002, deben clasificarse como solo rústico de protección de costas ou de espazos naturais, pero que no planeamento vixente clasificáronse para servir de soporte a novos desenvolvementos urbanos.




E tamén se aprecia a existencia de numerosas áreas clasificadas como solo urbano para as que o planeamento establece unha ordenación urbanística substancialmente diferente da realidade física existente, propiciando a proliferación de edificacións residenciais e turísticas sen a previa urbanización adecuada as necesidades xeradas, con intensidades de uso que exceden dos límites de sostibilidade establecidos no artigo 46 da Lei 9/2002, sen a previsión de suficientes zonas verdes e equipamentos públicos en proporción ás demandas xeradas polo crecemento urbano do litoral e sen acadar os estándares mínimos de calidade de vida e cohesión social establecidos no artigo 47 da Lei 9/2002, con atribución desigual de beneficios e cargas derivadas do planeamento e privando á comunidade de participar nas plusvalías xeradas polo planeamento urbanístico.

O planeamento vixente nos municipios costeiros tampouco tivo en conta os efectos da ordenación urbanística sobre os espazos de maior valor e fragilidade do litoral, que son os que se incluíron no ámbito de aplicación do Decreto autonómico 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (os lugares de interese comunitario integrados na Rede europea natura 2000 e as zonas de especial protección das aves, entre outros) e do Decreto 110/2004, de 27 de marzo, polo que se regulan os humedais protexidos; ámbitos de protección que afectan a un total de 73 dos 87 municipios costeiros.



XUNTA DE GALICIA



Estas circunstancias determinan que, transcurrido o prazo legal establecido na disposición transitoria segunda da Lei 9/2002, para a necesaria adaptación dos plans de ordenación urbanística ás súas prescricións, cómpre adoptar con urxencia as medidas necesarias para impedir accións de transformación do solo, ao abeiro de plans obsoletos e desconformes coa lexislación vixente, que resultan contrarias á futura ordenación urbanística dos municipios costeiros adaptada á lexislación urbanística e ambiental e adecuada aos requirimentos de sostibilidade económica, social e ambiental .


Por outro lado, a necesaria protección dos intereses autonómicos insitos na franxa do litoral de 500 metros demanda, como xa establecera a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, elaborar un plan de ordenación do litoral no que se recollan as condicións específicas deste ámbito territorial.

Con esta finalidade, esta lei regula a suspensión da tramitación e da aprobación dos plans de ordenación e dos instrumentos de xestión que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros dende o límite interior da ribeira do mar. Esta suspensión manterase ata a aprobación do plan xeral de ordenación municipal adaptado á lexislación urbanística e ambiental actualmente vixente e compatible cos intereses supralocais ínsitos na franxa litoral; ou ata a aprobación pola Comunidade Autónoma do plan de ordenación do litoral

Así mesmo, se integra o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa avaliación estratéxica ambiental atendendo aos requirimentos da Directiva europea 42/2001/CE e da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e



XUNTA DE GALICIA




programas no medio ambiente. Dita lei recolle no seu artigo 7.1 a necesidade de que a lexislación sectorial reguladora de plans e programas integre o proceso de avaliación ambiental nos procedementos administrativos aplicables para a súa elaboración e aprobación

Este conxunto de medidas complementáanse coa creación do Instituto de Estudos do Territorio, cumprindo o mandato legal establecido no artigo 31 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. O Instituto configúrase como un organismo autónomo que ten por finalidade a análise, o estudo e o asesoramento das administracións autonómica e municipais en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Coa súa posta en funcionamento preténdese apoiar especialmente a aqueles concellos con menores recursos de cara á elaboración do seu planeamento urbanístico e á xestión e execución do planeamento aprobado.

E por último, modifícase a Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, engadíndolle un novo artigo 5.bis que ten por obxecto regular a adopción das medidas cautelares necesarias para asegurar a eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio que se formulen pola Comunidade Autónoma, e modificando o artigo 22 para que mediante os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal se poidan levar a cabo actuacións de transformación urbanística de solo con destino á construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, coa finalidade de cumprir o mandato constitucional de garantir o acceso dos cidadáns á unha vivenda digna e adecuada.



XUNTA DE GALICIA



## Capítulo preliminar



XUNTA DE GALICIA


*Artigo 1.- Obxecto.*

É obxecto da presente lei a adopción de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, coa finalidade de:

- a) garantir a preservación do litoral en tanto non sexa aprobado o plan de ordenación do litoral ou o planeamento urbanístico adaptado á lexislación vixente e aos criterios de sostibilidade económica, social e ambiental;
- b) integrar os procedementos de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico co proceso de avaliación ambiental estratéxica
- c) crear o Instituto de Estudos do Territorio
- d) e fomentar a creación de solo destinado a vivendas protexidas



XUNTA DE GALICIA




## Capítulo I

Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral



*Artigo 2.- Plan de ordenación do litoral*



1.- O plan sectorial de ordenación do litoral ao que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza de un plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

2.- As determinacións do plan de ordenación do litoral serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico, que deberá ser obxecto de adaptación.

3.- O procedemento de aprobación do plan de ordenación do litoral axustarase ao disposto nos artigos 5 bis e 15 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 3.- Suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral.*

1.- Suspéndese a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de xestión que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra adentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo.


2.- Esta suspensión será aplicable nas seguintes clases de solo:

- a) en tódolos municipios costeiros, nos terreos clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico.
- b) e nos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes, nos terreos clasificados como solo urbano que, no momento da entrada en vigor desta lei, non reúnan os requisitos establecidos nos artigos 11 e 12.a), en relación co artigo 16.1, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e, en todo caso, nos incluídos en polígonos, unidades de actuación ou de execución.





*Artigo 4.- Alcance da suspensión.*



1.- As medidas de suspensión ás que se refire o artigo 3 desta lei serán de aplicación nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, durante o prazo de dous anos a contar desde a entrada en vigor de esta lei, ou ata a aprobación do plan de ordenación do litoral ou do plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, de 30 de decembro. Esta suspensión poderá ser prorrogada por acordo do Consello da Xunta, por un prazo máximo de un ano.

2.- A suspensión abrangue a tódolos plans especiais de reforma interior, plans parciais e plans de sectorización que, no momento da entrada en vigor da presente lei, non estean aprobados definitivamente.


Así mesmo, a suspensión abrangue a tódolos instrumentos de xestión ou execución do planeamento urbanístico respecto dos que, no momento da entrada en vigor desta lei, tivese transcorrido o prazo establecido no plan para a súa aprobación definitiva ou xa tivesen transcorrido tres anos a contar desde a aprobación do plan que se executa.



XUNTA DE GALICIA


*Artigo 5.- Protección da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.*

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística asumirá, de conformidade cos seus estatutos, o exercicio da potestade sancionadora e de reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, segundo o establecido na lexislación aplicable en materia de costas.





XUNTA DE GALICIA



## Capítulo II

Avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de ordenación do territorio e  
de planeamento urbanístico



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 6. – Instrumentos de planeamento obxecto de avaliación ambiental estratéxica.*


De conformidade co disposto nos artigos 3 e 4 da Lei 9/2006, de 28 de abril, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica os seguintes instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico:

- a) os instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, agás os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal que desenvolvan as previsións dun plan sectorial previamente sometido a avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006.
- b) os plans xerais de ordenación municipal.
- c) tódolos instrumentos de ordenación do territorio ou de planeamento urbanístico que afecten a espazos naturais incluídos na Rede Ecolóxica Europea Natura 2000 ou sometidos a algún réxime de protección establecido na Lei 9/2001, de conservación da natureza
- d) os plans parciais, os plans de sectorización e os plans especiais cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, agás que o planeamento xeral que desenvolvan fora sometido a avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da lei 9/2006, de 28 de abril.



XUNTA DE GALICIA

- e) e as modificacións de calquera dos instrumentos relacionados nas letras anteriores cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, de 28 de abril.





XUNTA DE GALICIA

*Artigo 7.- Administracións competentes.*

1.- Para ós efectos establecidos na Lei 9/2006, de 28 de abril, exercerá as funcións correspondentes ao órgano ambiental a consellería competente en materia de medio ambiente.

2.- As funcións correspondentes ao órgano promotor, serán exercidas:

- a) respecto dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico supramunicipal, polo Departamento autonómico responsable da súa tramitación;
- b) e respecto dos demais instrumentos de planeamento urbanístico, polo Concello responsable da súa tramitación.



*Artigo 8.- Integración de procedementos.*

1.- O proceso de avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio ou de planeamento urbanístico tramitarase simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.


2.- O promotor comunicará ao órgano ambiental a iniciación da tramitación do instrumento de ordenación do territorio ou do planeamento urbanístico, acompañando un documento de inicio que incluíra os aspectos recollidos no artigo 18 da Lei 9/2006, de 28 de abril.



3.- O órgano ambiental, no prazo de tres meses desde a recepción da documentación necesaria, trasladará ao órgano promotor o documento de referencia de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/2006, de 28 de abril.

4.- O órgano promotor elaborará o informe de sostibilidade ambiental de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, de 28 de abril, e segundo os criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental.

5.- O plan aprobado inicialmente con tódolos documentos que o integran, incluído o informe de sostibilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e a información pública durante o prazo mínimo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do plan.

6.- Finalizado o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa





preceptiva, o órgano promotor enviará ao órgano ambiental unha versión preliminar do plan que tome en consideración o informe de sostibilidade, as alegacións e os informes presentados no período de consultas así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, de 28 de abril. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública.

7.- O órgano ambiental, no prazo de tres meses desde a recepción da documentación, elaborará a memoria ambiental cuxas determinacións terán carácter vinculante e deberán quedar reflectidas no documento do plan que se aprobe provisionalmente e definitivamente.

Se transcorre o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que lle fose comunicado ao órgano promotor, entenderase aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e poderase continuar a tramitación do plan.

8.- O cumprimento dos trámites aos que se refiren os anteriores números 6 e 7, interromperá o cómputo dos prazos que para a aprobación dos plans se establece na lexislación urbanística ou de ordenación do territorio.





XUNTA DE GALICIA


*Artigo 9.- Seguimento.*

O órgano promotor deberá realizar o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución do plan, para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos, conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 9/2006, de 28 de abril.

O órgano ambiental poderá participar no seguimento de ditos plans e poderá recabar a información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a información que figure no informe de sostibilidade ambiental.



XUNTA DE GALICIA




### Capítulo III

### O Instituto de Estudios do Territorio



XUNTA DE GALICIA



*Sección 1ª*  
*Disposicións xerais*



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 10.- Natureza e obxecto*

1.- De conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, créase o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

2.- Para o cumprimento dos seus fins o Instituto de Estudos do Territorio dispón de patrimonio propio e goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 11.- Funcións.*

1.- As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:

- a) realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio
- b) prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento
- c) e prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio

2.- As competencias atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma.



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 12.- Réxime xurídico.*


1. O Instituto de Estudios do Territorio réxese polo disposto nesta lei e polas normas aplicables aos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica.

2.- Os actos do Consello rector do Instituto de Estudios do Territorio, dictados en exercicio das súas competencias, poñen fin á vía administrativa.

3.- O Instituto de Estudios do Territorio estará adscrito organicamente á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.



XUNTA DE GALICIA




*Sección 2ª*  
*Órganos de gobierno*



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 13.- Órganos*

Os órganos de goberno e administración do Instituto de Estudos do Territorio son: o Consello rector e o director.







*Artigo 14.- O Consello rector*

1.- O Consello rector está formado por:

- a) a presidencia, que será exercida polo/a titular da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio;
- b) a vicepresidencia, que corresponde ao/á director/a xeral de urbanismo;
- c) un mínimo de catro e un máximo de oito vocais designados na forma que se determine regulamentariamente;
- d) o/a director/a do Instituto,
- e) e a secretaría: que será exercida por quen designe o Consello rector entre o persoal adscrito ao Instituto de Estudos do Territorio, que poderá intervir nas deliberacións con voz pero sen voto.

2.- O Consello rector é o órgano superior de dirección do Instituto de Estudos do Territorio, ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- a) aprobar as directrices de actuación do Instituto;
- b) aprobar o anteproxecto de orzamento anual de ingresos e gastos;
- c) propoñer a estrutura orgánica e o cadro de persoal do Instituto;



XUNTA DE GALICIA

- d) supervisar a actividade do Instituto e a xestión do seu director/a;
- e) aprobar o regulamento de réxime interior do Instituto
- f) e aquelas outras que regulamentariamente se determinen.

3.- O funcionamento do Consello rexeráse polo disposto no regulamento de réxime interior e, no non previsto, polo disposto nos artigos 22 a 26 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 15.- O/a director/a*


1.- O/a director/a do Instituto de Estudos do Territorio será nomeado por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro/a competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

2.- Correspóndelle ao director/a do Instituto de Estudos do Territorio:

- a) a representación ordinaria do Instituto;
- b) a dirección e impulso da actividade do Instituto;
- c) a execución dos acordos do consello rector;
- d) a xestión económica do Instituto
- e) a dirección dos servizos administrativos e a xefatura do persoal do Instituto;
- f) e o exercicio das competencias que, correspondendo ao Instituto de Estudos do Territorio, non se atopan atribuídas legal ou regulamentariamente a outro órgano deste.



XUNTA DE GALICIA



*Sección 3ª*

*Do réxime financeiro e do persoal*



XUNTA DE GALICIA

*Artigo 16.- Réxime financeiro*

1.- O Instituto de Estudios do Territorio dispón, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos:

- a) as cantidades que se lle asignen nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para garantir o funcionamento do Instituto;
- b) as subvencións e outras achegas públicas ou privadas
- c) as contraprestacións derivadas dos convenios nos que sexa parte
- d) os rendementos do seu patrimonio;
- e) os rendementos percibidos como contraprestación pola prestación de servizos de publicacións e de calquera outro servizo retributivo do Instituto
- f) e os demais ingresos que poida percibir de acordo coa lexislación vixente.

2.- Terán o carácter de patrimonio adscrito os bens que lle adscriba a Comunidade Autónoma.



XUNTA DE GALICIA


*Artigo 17.- Réxime do persoal*

1.- Os postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio serán cubertos por funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras Administracións públicas de acordo co disposto na Lei de función pública de Galicia.

2.- O Instituto de Estudos do Territorio poderá encargar traballos de investigación, estudo e documentación para o mellor cumprimento dos seus fins, con suxeición á Lei de contratos das Administracións públicas.



XUNTA DE GALICIA




*Disposicións adicionais*



XUNTA DE GALICIA

*Primeira.- Licenzas en solo urbano non consolidado*



1.- Para o outorgamento de licenzas urbanísticas en terreos nos que, estando clasificados como solo urbano, non reúnan os requisitos do solo urbano consolidado que establece o artigo 12 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, será necesario que previamente estea aprobado o planeamento que conteña a ordenación detallada, o proxecto de urbanización e o instrumento de equidistribución, de conformidade co disposto nos artigos 109.2, 110 e 115 e seguintes da dita Lei 9/2002.

2.- Serán nulas de pleno dereito as licenzas para novas edificacións que se outorgasen en contra do disposto no número 1 desta disposición.





*Segunda.- Modificación da Lei de ordenación do territorio de Galicia*

Modifícase a Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, do seguinte modo:

1.- Engádesse un novo artigo 5 bis co seguinte texto:

*“Artigo 5 bis.- Suspensión motivada pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio.*


*1.- Acordada polo Consello da Xunta a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio o conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de forma motivada, poderá suspender cautelarmente os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico, dos instrumentos de xestión ou execución do planeamento e de outorgamento de licenzas para ámbitos ou para usos determinados, coa finalidade de elaborar o instrumento de que se trate.*

*Esta suspensión haberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia..*

*2.- A suspensión á que se refire o número 1 anterior extinguirase coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a adopción da medida cautelar de suspensión e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos a contar desde a data do acordo de suspensión, prorrogable por un ano máis.“*



2.- Modifícase o texto do número 1 do artigo 22, que quedará redactado como segue:



*“1.- Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de solo destinado a vivendas protexidas, infraestructuras, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos.”*

3.- No texto do número 2 do artigo 22, engádesse un novo parágrafo co seguinte texto:

*“E considerase solo destinado a vivendas protexidas aos ámbitos ou sectores que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística promovidas e desenvolvidas pola Consellería competente en materia de vivenda a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo e as sociedades públicas del dependentes con destino maioritario á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, pola necesidade demostrada de forte demanda social.”*


4.- Engádesse un novo número 7 no artigo 23, co seguinte texto:

*“Os proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo deberán conter, ademais das determinacións esixidas neste artigo, as que se indican no artigo 66 da Lei 9/2002, de 30 de*



XUNTA DE GALICIA

*decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Ditos proxectos non poderán afectar a terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como solo rústico de especial protección.”*





XUNTA DE GALICIA

Terceira.- Modificación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.


Modifícase o número 2 do artigo 33 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, engadíndolle unha nova letra ll) co seguinte texto:

*“ll) infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou de produción de enerxía.”*



XUNTA DE GALICIA

*Disposición derogatoria*




1.- Quedan derogados os seguintes preceptos da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro: letra c) do número 1 do artigo 61; número 4 do artigo 61; paragrafo segundo do número 3 do artigo 85; e paragrafo segundo da letra b) do número 1 do artigo 86.

2.- Quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.



XUNTA DE GALICIA




*Disposicións derradeiras*



XUNTA DE GALICIA

*Primeira*

Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia e ao/á titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.





XUNTA DE GALICIA

*Segunda*

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Asdo ~~do~~ José Luís Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Admóns.  
Públicas e Xustiza.





*Anexo*

*Relación de municipios costeiros nos que resultan de aplicación as medidas de suspensión establecidas no capítulo I desta lei*



- a) Na provincia de Lugo: Trabada, Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e Vicedo
- b) Na provincia de A Coruña: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Coiros, Betanzos, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña, Arteixo, Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e Padrón
- c) Na provincia de Pontevedra: Pontecesures, Valga, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Oia, O Rosal, A Guarda, Tomiño, Tui e Salvaterra do Miño



**RELACIÓN DE DOCUMENTOS CORRESPONDENTES AOS  
ANTECEDENTES DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES EN  
MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL DE  
GALICIA**



- Borrador inicial do anteproxecto.
- Memoria xustificativa e Memoria económica do anteproxecto.
- Peticións de informes.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral, do 15 de decembro de 2006.
- Alegacións recibidas da FEGAMP, da asociacións VERDEGAIA e da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).
- Informe sobre as alegacións, táboa de vixencias, e novo borrador do anteproxecto (incorporando as observacións que se estimaron).
- Novo informe da Asesoría Xurídica Xeral, do 22 de decembro de 2006.
- Informe da Dirección Xeral de Orzamentos.
- Novo borrador do anteproxecto, no que se recollen as observacións do informe da Asesoría Xurídica do 22-12-2006.
- Informe do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller
- Dictame do Consello Económico e Social (CES).
- Informe da Dirección Xeral de Urbanismo en relación coas observación formuladas polo CES.
- Informe da Secretaría Xeral sobre o anteproxecto.
- Texto do anteproxecto sometido a estudo da Comisión de Secretarios Xerais.
- Texto sometido á aprobación do Consello da Xunta.



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



RS/mv

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de febreiro de 2007.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

  
 Guillermo Varela Flores



Excmo. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de febreiro de dous mil sete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.


E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela o oito de febreiro de dous mil sete.

Vº e Prace  
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA



**PROXECTO DE LEI**  
**DE MEDIDAS ADMINISTRATIVAS E TRIBUTARIAS PARA A**  
**CONSERVACIÓN DA SUPERFICIE AGRARIA ÚTIL E DO**  
**BANCO DE TERRAS DE GALIZA**



# XUNTA DE GALICIA

## ÍNDICE

### TÍTULO I Disposicións xerais

- Artigo 1.- Obxecto.  
Artigo 2.- Ámbito de aplicación.  
Artigo 3.- Definicións.

### TÍTULO II Do Banco de Terras de Galiza e do seu órgano de xestión

#### CAPÍTULO I Do Banco de Terras de Galiza

- Artigo 4.- O Banco de Terras de Galiza.  
Artigo 5.- Formalización de actos e destino dos bens e dereitos do Banco de Terras de Galiza.  
Artigo 6.- Publicidade dos bens do Banco de Terras de Galiza.

#### CAPÍTULO II Da Sociedade Pública BANTEGAL

- Artigo 7.- Da Sociedade Pública BANTEGAL e do seu réxime xurídico.  
Artigo 8.- Funcións.

### TÍTULO III Do réxime xurídico de incorporación de bens ao Banco de Terras de Galiza

#### CAPÍTULO I Dos dereitos de adquisición preferente

- Artigo 9.- Dereito de adquisición preferente.  
Artigo 10.- Procedemento para o exercicio do dereito de tenteo.  
Artigo 11.- Procedemento para o exercicio do dereito de retracto.  
Artigo 12.- Inscripción rexistral.

#### CAPÍTULO II Da incorporación de predios rústicos ao Banco de Terras de Galiza para a súa xestión

- Artigo 13.- Cesión temporal de predios rústicos ao Banco de Terras de Galiza.  
Artigo 14.- Efectos da cesión.

### TÍTULO IV Da transmisión dos bens incorporados ao Banco de Terras de Galiza

- Artigo 15.- Réximes de adxudicación.

#### CAPÍTULO I Do alleamento dos bens e dereitos titularidade da sociedade BANTEGAL



## XUNTA DE GALICIA

- Artigo 16.- Condicións xerais.  
Artigo 17.- Alleamento mediante poxa pública.  
Artigo 18.- Alleamento mediante adxudicación directa.

### **CAPÍTULO II**

#### **Da cesión a terceiras persoas por tempo determinado**

- Artigo 19.- Cesión dos predios rústicos a terceiras persoas.  
Artigo 20.- Garantía da renda á persoa titular do predio rústico.  
Artigo 21.- Efectos do acceso á propiedade por parte da persoa beneficiaria da cesión.  
Artigo 22.- Causas e procedemento para a resolución das cesións.  
Artigo 23.- Supostos de subrogación.

### **TÍTULO V**

#### **Das medidas tributarias e de fomento**

- Artigo 24.- Medidas tributarias.  
Artigo 25.- Axudas e subvencións.

### **TÍTULO VI**

#### **Da Comisión Técnica de Prezos e Valores**

- Artigo 26.- Aprobación dos prezos  
Artigo 27.- Comisión Técnica de Prezos e Valores.  
Artigo 28.- Informe anual.

### **TÍTULO VII**

#### **Dos predios incultos ou abandonados**

### **CAPÍTULO I**

#### **Das condicións para a súa declaración**

- Artigo 29.- Obxecto.  
Artigo 30.- Excepcións.

### **CAPÍTULO II**

#### **Do procedemento**

- Artigo 31.- Incoación.  
Artigo 32.- Tramitación.  
Artigo 33.- Finalización.  
Artigo 34.- Consecuencias da declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono.  
Artigo 35.- Ausencia de propietario.



XUNTA DE GALICIA

**TÍTULO VIII**  
**Do réxime sancionador**

- Artigo 36.- A actuación inspectora.  
Artigo 37.- Infraccións administrativas.  
Artigo 38.- Tipificación de infraccións.  
Artigo 39.- Sancións.  
Artigo 40.- Gradación das sancións.  
Artigo 41.- Reparación do dano ou indemnización.  
Artigo 42.- Multas coercitivas e execución subsidiaria.  
Artigo 43.- Responsabilidade.  
Artigo 44.- Órganos sancionadores competentes.  
Artigo 45.- Duración do procedemento sancionador.  
Artigo 46.- Prescrición das infraccións.

**Disposición Adicional Única.- Comunicación de instrumentos de planeamento urbanístico.**


**Disposición Final Primeira.- Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común**

**Disposición Final Segunda.- Modificación da Lei 12/2001, de modificación de concentración parcelaria para Galiza.**


**Disposición Final Terceira.- Período transitorio para a incoación de expedientes sancionadores.**

**Disposición Final Cuarta.- Desenvolvemento regulamentario**

**Disposición Final Quinta.- Entrada en vigor**







## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Unha das características da agricultura galega é a de ter pasado, nos últimos tempos, dun modelo de produción de explotación familiar de escasa dimensión, onde predominaba o autoconsumo, a outro en que seguen a predominar as pequenas explotacións, pero con relevancia das producións dirixidas ao mercado.

Este proceso, similar a outras agriculturas do noso contorno, tivo especial incidencia en Galiza polas especiais características da propiedade, como é a excesiva fragmentación nun elevado número de parcelas de pouca dimensión.

Ligado a isto, produciuse unha forte redución do número de explotacións e, en moitos casos, de abandono, con escasa transferencia da súa base territorial, o que tamén supuxo un mínimo relevo xeracional ao non dispor dunha superficie agraria adecuada que garantise un nivel de rendas suficiente aos titulares das explotacións agrarias e ás súas familias.

Débese ter presente, ademais, que este abandono, xunto co destino de terras a outros usos, tradúcese nunha continua redución da superficie agraria útil, coa consecvente perda dunha riqueza de interese social e público que un país non se pode permitir.

Ao tempo, existe tamén en moitos casos unha demanda por parte de explotacións que permanecen no sector, e que pretenden ampliar a base territorial das súas unidades produtivas.

II

Polos motivos expostos, e tendo en conta a función social do dereito de propiedade de acordo co disposto no artigo 33 da Constitución, faise necesario levar a cabo unha mobilización das superficies agrarias útiles hoxe improdutivas, que permita o redimensionamento das explotacións que perviven a unha maior extensificación e



## XUNTA DE GALICIA

redución de insumos e, así mesmo, a ampliación da base territorial das explotacións existentes, de xeito que se convertan, en definitiva, nun factor de riqueza colectiva.

Esta dinamización do mercado da terra permitirá modelos de desenvolvemento das explotacións de carácter extensivo no camiño dunha agricultura sustentábel e compatible coa conservación do medio ambiente e a seguridade alimentaria que demanda actualmente a sociedade; axudará a unha mellor xestión do territorio con fins agrarios e contribuirá definitivamente a ordenar o espazo agrogandeiro e forestal.

Todos estes obxectivos deben ter presente, en todo momento, o respecto e o fomento do principio de igualdade entre homes e mulleres, que se torna especialmente importante no sector agrario galego.

É precisamente un obxectivo básico desta lei o establecemento dunha serie de instrumentos que favorezan o mantemento da capacidade produtiva da terra para evitar a perda de superficie agraria útil e recuperar a que se perdeu nos últimos anos; que velen pola conservación do contorno e das condicións ambientais; preserven os predios e explotacións dos seus adxacentes, axilicen os labores de prevención de lumes forestais, e protexan os bens patrimoniais públicos e privados.

A aplicación da Lei (agás excepcións moi concretas que se sinalan na mesma), limitase ás Zonas de Especial Interese Agrario, ámbitos territoriais definidos no artigo 3 da lei de xeito que coinciden basicamente co *solo rústico de protección agropecuaria*, tal e como está contemplado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, ademais das que poida establecer, de cara a un futuro, o Consello da Xunta de Galiza, para o que se lle outorga a oportuna habilitación. Deste xeito, circunscríbese a aplicación da lei, na súa meirande parte, a territorios de alto valor agrario.

En suma, o fin último da Lei é frear a perda de superficies de aptitude agraria en Galiza coa intención de aumentar a riqueza do país a través da posta en valor daquelas terras que contan con esa aptitude.

### III

Este texto legal dítase ao abeiro da alínea 3 do artigo 30.1º do Estatuto de autonomía para Galiza, que lle outorga á nosa comunidade autónoma competencia exclusiva,



## XUNTA DE GALICIA

de acordo coas bases e coa ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandería.

A Lei estrutúrase en oito títulos, que tratan sucesivamente das disposicións xerais fundamentais para a aplicación da norma; do Banco de Terras de Galiza e do seu órgano de xestión; do réxime xurídico da incorporación de bens ao Banco de Terras de Galiza; da transmisión dos bens incorporados ao devandito Banco; das medidas tributarias e de fomento; da Comisión Técnica de Prezos e Valores; dos predios incultos e abandonados e do réxime sancionador.

No primeiro deles concrétese o obxectivo da norma, e enuméranse os instrumentos que se articulan de cara á súa consecución e que se desenvolven nos títulos seguintes. Incorporárase tamén o ámbito e as definicións oportunas de cara a facilitar aplicación da lei.

No Título II instrumentalízase, como un inventario onde figurarán todos os predios rústicos que servirán para a consecución dos obxectivos previstos pola presente Lei, independentemente da súa titularidade, o Banco de Terras de Galiza. Ademais, enuméranse os destinos agrarios, consecuentemente cos obxectivos da norma, aos que deberán quedar necesariamente vencellados estes predios. Créase unha sociedade pública baixo a denominación de Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza, BANTEGAL, que terá como función principal a xestión dos predios incorporados ao Banco, co gallo de axilizar a mobilidade das terras, favorecendo, deste xeito, o redimensionamento das explotacións e unha maior extensificación e redución de insumos.

O Título III contempla o réxime xurídico da incorporación de bens ao Banco de Terras de Galiza, centrándose, no Capítulo I, nos dereitos de adquisición preferente que corresponden á sociedade BANTEGAL e no procedemento para o seu exercizo. No Capítulo II regúlase o procedemento para a cesión voluntaria de predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario, para a súa xestión e posta no mercado pola sociedade BANTEGAL por tempo determinado non inferior a cinco anos, de xeito similar ao contrato de mandato indirecto do Código Civil aínda que con peculiaridades propias. Neste suposto contéplanse vantaxes para os cedentes,



## XUNTA DE GALICIA

como son a garantía da percepción do pagamento da renda, avalada pola sociedade xestora.

O Título IV desenvolve o procedemento para a transmisión dos predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, distinguindo dous réximes distintos segundo a quen corresponda a titularidade dos bens. Os que pertencen á Sociedade BANREGAL poderán ser alleados por esta ou ben cedidos temporalmente a terceiras persoas. Esta última é a única posibilidade de transmisión cando os bens pertencen a outros titulares, públicos ou privados, no exercicio da función da sociedade pública de facilitar a mobilidade de terras agrarias.

En canto ao alleamento, distínguese o procedemento de poxa pública, que será o réxime xeral, e a adxudicación directa, nos supostos taxados establecidos pola lei. Respecto da cesión temporal a terceiras persoas que se adiquen á agricultura, para o seu uso e aproveitamento, regúlanse polo miúdo as correspondentes relacións do órgano xestor coas terceiras persoas adxudicatarias destes.

No Título V establécense medidas tributarias e de fomento para os propietarios que soliciten a mediación da sociedade xestora, que van dende beneficios fiscais no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados ata a posibilidade de axudas públicas para realizar, entre outras, labores de mantemento ou acondicionamento dos predios rústicos.

No Título VI créase a Comisión Técnica de Prezos e Valores, que informará os prezos aplicables ás transaccións contempladas nesta lei, que serán aprobados en Consello da Xunta de Galiza. Este órgano colexiado está formado por representantes da administración – das consellarías competentes en materia de agricultura, medio ambiente economía e ordenación do territorio-, das entidades locais galegas, do catastro, das cooperativas galegas e finalmente das organizacións profesionais agrarias.

No Título VII defínense os predios incultos ou abandonados como os situados en Zonas de Especial Interese Agrario que cumpran determinadas características que aconsellen a intervención da administración, co fin de asegurar o cultivo e realizar prácticas agrícolas respectuosas co medio ambiente, evitar fundamentalmente danos



## XUNTA DE GALICIA

á entidades públicas ou aos veciños e a propagación de lumes. Regúlase o procedemento para á súa declaración, que garante a audiencia dos interesados e os recursos oportunos. A consecuencia fundamental desta declaración pasa pola realización dunha agricultura de conservación, ou o seu alleamento ou cesión con fins agrarios, á elección do seu titular, por si ou coa mediación da Sociedade BANTEGAL,.

Título VIII, finalmente, regúlase o réxime sancionador aplicable ás infraccións administrativas correspondentes aos incumprimentos das disposicións establecidas na presente Lei, en cumprimento do principio de legalidade recollido na Constitución.

Para rematar, a lei conta cunha disposición adicional e cinco disposicións finais, das que poden salientarse as que modifican parcialmente a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes veciñais en man común e a Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da lei de concentración parcelaria para Galiza.



# XUNTA DE GALICIA

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto da presente Lei regular o uso racional da superficie agraria útil na procura da súa conservación e evitar o seu abandono, articulando medidas que favorezan e dinamicen a oferta e a demanda como as que seguen:

- a) Instrumentalizar o Banco de Terras de Galiza no que se relacionen todos os predios rústicos vinculados aos destinos especificados no artigo 5.2 da presente Lei.
- b) Establecer o réxime xurídico do órgano encargado da xestión do antedito Banco;
- c) Regular os procedementos de incorporación e cesión de predios do Banco de Terras de Galicia;
- d) Regular o procedemento para a declaración de predios incultos ou abandonados que posibilite a realización de prácticas agronómicas de conservación e a preservación do contorno e das condicións ambientais;
- e) Establecer o réxime sancionador correspondente ás accións e omisións descritas nesta Lei.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1.- As disposicións establecidas nesta lei aplicaranse nas Zonas de Especial Interese Agrario, entendendo por tales os terreos concentrados nos dez anos anteriores á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza e os que se concentren con posterioridade, sempre que nos dous supostos referidos o Acordo de concentración sexa firme.

Sen prexuízo do anterior, tamén será de aplicación aos restantes predios incorporados ao Banco de Terras de Galiza, no que se pode integrar calquera predio rústico situado na Comunidade Autónoma de Galiza, así como a aqueles aos que se fai referencia no artigo 8.2 da presente Lei.

2.- Tamén terán a condición de Zonas de Especial Interese Agrario aqueles ámbitos territoriais que, mediante Decreto, determine o Consello da Xunta por ser necesarios para conquistar unha axeitada xestión do Banco de Terras de Galiza. Nestas zonas as transmisións de predios rústicos realizadas inter vivos, deberán formalizarse en escritura pública.



### Artigo 3.- Definicións.

Aos efectos da presente Lei, entenderase por:

**1. Superficie agraria útil :** A totalidade do solo rústico de protección agropecuaria, segundo o establecido na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galiza, e as Zonas de Especial Interese Agrario declaradas por Decreto do Consello da Xunta.

**2. Predio rústico:** Superficie agraria útil delimitada que constitúe unha finca ou parcela.

**3. Barbeito:** Predio rústico no que houbo cultivo na campaña anterior, e na presente está en descanso sen ter aproveitamento agrogandeiro ningún.

**4. Posío:** Predio rústico no que houbo cultivo na campaña anterior ou estivo a barbeito e na presente non ten cultivo agrícola pero ten aproveitamento gandeiro, normalmente mediante pastoreo.

**5. Monte ou terreo forestal:** todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matorral ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

**6. Explotación agraria:** O conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercizo da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

**7. Persoa titular da explotación:** A persoa física ou xurídica ou, no seu caso, entidade asociativa sen personalidade xurídica propia, que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e as responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivarse da xestión da explotación.

**8. Persoa agricultora profesional:** A persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña polo menos o 50 por 100 da súa renda total de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias as contempladas con este carácter no parágrafo 2 do artigo 2.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.






## XUNTA DE GALICIA

**9. Persoa agricultora a título principal:** A persoa agricultora profesional que obteña polo menos o 50 por 100 da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación e cuxo tempo de traballo dedicado a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

**10. Persoa agricultora moza:** A persoa que teña cumprido os dezoito anos e non teña cumprido corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.





# XUNTA DE GALICIA

## TÍTULO II

### Do Banco de Terras de Galiza e do seu órgano de xestión

#### CAPÍTULO I

##### Do Banco de Terras de Galiza

##### Artigo 4.- O Banco de Terras de Galiza.

O Banco de Terras de Galiza é un instrumento no que figuran inventariados todos os predios rústicos vinculados aos destinos especificados no artigo 5.2 da presente Lei, independentemente da súa titularidade que, segundo os casos, pertencerá á Comunidade Autónoma, aos particulares e outros cedentes ou á Sociedade BANTEGAL, cuxa creación prevese nesta lei.

2.- Forman parte do Banco de Terras de Galiza:

- a) As masas comúns e predios sobrantes das adjudicacións dos lotes de substitución, unha vez transcorrido un ano dende que o acordo de concentración sexa firme.
- b) Os predios rústicos adquiridos pola sociedade BANTEGAL, como consecuencia do exercicio dos dereitos de adquisición preferente regulados nesta Lei.
- c) Os predios rústicos ou dereitos sobre estes que fosen adquiridos pola sociedade BANTEGAL por calquera título.
- d) Os bens ou dereitos de natureza rústica que a Comunidade Autónoma lle adscriba de conformidade coa normativa patrimonial vixente.
- e) Os predios rústicos ou explotacións agrarias, ou dereitos sobre estes cedidos para o seu uso e aproveitamento por calquera ente público ou privado.
- f) Os predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario postos a disposición da Sociedade BANTEGAL polos seus titulares.

3.- Os bens descritos nos parágrafos a), b) e c) do apartado anterior serán da titularidade da Sociedade BANTEGAL. Os contemplados nos parágrafos d), e) e f) serán de titularidade pública ou privada, correspondendo á Sociedade BANTEGAL o dereito de uso e aproveitamento sobre os mesmos.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 5.- Formalización de actos e Destino dos bens e dereitos do Banco de Terras de Galiza.

1.- Todos os actos e contratos que supoñan a incorporación ou transmisión de bens do Banco de Terras de Galiza serán formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro da Propiedade.

2.- Os bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, terán os seguintes destinos:

- a) Ampliación da base territorial de explotacións existentes e en funcionamento.
- b) Primeira instalación de persoas agricultores mozas.
- c) Creación ou ampliación da base territorial de cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís e outras asociacións e entidades legalmente constituídas, sempre que sexa para actividades agrarias.
- d) Establecemento de novos asentamentos, fundamentalmente nas zonas gravemente afectadas polo envellecemento da poboación ou éxodo rural.
- e) Aseguramento das condicións necesarias para facilitar terra a cantas persoas desexen adicarse á agricultura en explotacións agrarias existentes ou de nova creación.
- f) Favorecemento das condicións das explotacións dirixidas ou explotadas maioritariamente por mulleres e da primeira instalación das mesmas.
- g) Establecemento de campos de investigación e experimentación agraria xestionados directamente pola sociedade BANTEGAL, pola Xunta de Galiza nos termos que se fixen no correspondente convenio coa sociedade, ou para a súa cesión a entes públicos ou privados sen ánimo de lucro que o soliciten.
- h) Incorporación ao patrimonio público por conveniencia medioambiental, declarada polo órgano competente en materia de medio ambiente, ou outros motivos de interese social determinado.
- i) Posibilitar o acceso ás terras das mulleres labregas que sofren violencia e que tiveron que abandonar a súa casa e as súas terras pola violencia de xénero.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 6.- Publicidade dos bens do Banco de Terras de Galiza.**

A Sociedade BANTEGAL manterá unha relación permanentemente actualizada e con indicación da procedencia dos bens, da titularidade e do seu destino actual, de todos aqueles inmobles e dereitos reais que integren o Banco de Terras de Galiza, a disposición do órgano competente en materia de agricultura e dos interesados que o soliciten.





# XUNTA DE GALICIA

## CAPÍTULO II

### Da Sociedade Pública BANTEGAL

#### Artigo 7.- A Sociedade Pública BANTEGAL e o seu réxime xurídico.

1.- Créase a Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza BANTEGAL, como unha Sociedade pública autonómica das previstas no artigo 12.1.a) da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia aprobada por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no artigo 45 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, que axustará a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos públicos e a normativa comunitaria de aplicación.

2.- Para o cumprimento dos fins establecidos no artigo 5.2 da presente Lei, atribúese á sociedade pública BANTEGAL a titularidade dos bens inmobles patrimoniais constituídos polas masas comúns e predios sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución que, á data de entrada en vigor da presente Lei, figuren no Inventario do Patrimonio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da súa devolución ao Patrimonio autonómico para o caso de incumprimento dos fins para os que foron atribuídos ou de disolución da sociedade pública.

Igualmente, as masas comúns e predios sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución daquelas zonas de concentración parcelaria que adquiran firmeza con posterioridade á entrada en vigor desta Lei, incorporaránse ao patrimonio da sociedade pública BANTEGAL transcorrido un ano dende que adquiran firmeza, sen prexuízo da adxudicación que de eses predios se realice, por decisión do órgano competente en materia de agricultura, como consecuencia de actas complementarias ou de rectificación da reorganización da propiedade posteriores a esa data.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 8.- Funcións.

1.- Sen prexuízo das funcións que o Consello da Xunta lle atribúa nos seus Estatutos, a Sociedade BANTEGAL como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma, terá como obxectivo principal a xestión dos bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, e está obrigada a realizar os traballos que se lle encomenden, nas materias que constitúan o seu obxecto social e, especialmente, as que sexan urxentes ou se lle ordenen como consecuencia de situacións de emerxencia.

2.- Encoméndase, ademais, á Sociedade BANTEGAL a realización da función de servizo de transmisión respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que teña cesado anticipadamente a persoa titular, sen ter sido cedida a terceiras persoas.

3.- Dada a súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, as relacións da Sociedade BANTEGAL e, de ser o caso, das súas filiais con aquela, teñen natureza instrumental e non contractual, polo que, en consecuencia, son de carácter interno, subordinado e dependente.



**TÍTULO III**

**Do réxime xurídico da incorporación de bens ao Banco de Terras de Galiza**

**CAPÍTULO I**

**Dos dereitos de adquisición preferente**

**Artigo 9.-Dereito de adquisición preferente.**

No marco desta Lei, a Sociedade pública BANTEGAL gozará dun dereito de adquisición preferente, que exercerá conforme ás normas de dereito privado e que se concretará consonte co previsto nos artigos seguintes, ante calquera transmisión a título oneroso ou negocio xurídico gratuito intervivos, de predios rústicos situados nas Zonas de Especial Interese Agrario, sen prexuízo do establecido na Lei de Dereito Civil de Galiza e no Código Civil.

2.- Non haberá lugar ao exercizo dos dereitos de tanteo e retracto desenvolvidos nos artigos 10 e 11 desta lei, nas transmisións gratuítas intervivos, a favor de persoas que teñan a condición de fillos e descendentes, ascendentes, ou parentes consanguíneos ata o terceiro grao, e a favor do cónxuxe ou persoa que estivese convivindo co transmitente no momento en que se produza o feito, neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galiza, nin nas achegas de bens realizadas por un cónxuxe á súa sociedade de gananciais.

Tampouco haberá lugar ao exercizo dos referidos dereitos nos casos de transmisións a favor daqueles que teñan a condición de persoa titular de explotación agraria, persoa profesional da agricultura, persoa agricultora a título principal ou moza. A estos efectos a acreditación das ditas condicións será realizada mediante informe do órgano que corresponda da consellería competente en materia de agricultura.

3.- Os dereitos de tanteo e retracto previstos neste artigo serán preferentes, respecto de calquera outro dereito de adquisición establecido pola lexislación vixente, agás os retractos de graciosa, o da persoa arrendataria de arrendamentos rústicos, incluídos os históricos, o de lugar acasurado ou parzaría e do de persoas que teñan a condición de lindeiros, coherdeiros e comuneiros, e o de propietarios colindantes que sexan titulares de explotacións prioritarias, nos termos establecidos na Lei 2/2006, do 14 de xuño, no Código Civil e na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.



## XUNTA DE GALICIA

4.- As adquisicións realizadas pola Sociedade BANTEGAL como consecuencia do dereito de tanteo regulado no artigo 10 da presente Lei, non obstará o exercizo dos dereitos de retracto polos lindeiros, coherdeiros ou comuneiros.

5.- O exercizo destes dereitos, así como a renuncia aos mesmos, requirirá informe favorable da consellería competente en materia de agricultura.

6.- O prezo a aboar en todos os supostos nos que se exerzan os dereitos de adquisición preferente previstos nesta Lei, incluírá, ademais do prezo da transmisión ou, no seu caso, a valoración do ben, os custos do contrato e calquera outro pagamento lícito feito para a transmisión; os custos necesarios e útiles feitos na cousa transmitida; e os impostos satisfeitos como consecuencia da transmisión.







## XUNTA DE GALICIA

### **Artigo 10.- Procedemento para o exercicio do dereito de tenteo.**

1.- As persoas titulares de predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario deberán notificar á Sociedade BANTEGAL, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, da decisión de transmitir os predios en todo ou en parte, ou participacións indivisas sobre estes.

2.- Na dita notificación farase constar a descrición e os datos catastrais e, no seu caso, rexistrals do ben que se pretende transmitir, os de identificación e profesión da persoa transmitente e adquirente, así como o destino que se quere dar ao predio ou explotación e o prezo, ou no seu caso a valoración do ben, e forma de pagamento proxectados, se a transmisión fose onerosa.

Os efectos de tal notificación caducarán aos seis meses seguintes á mesma e toda transmisión realizada transcorrido este prazo entenderase efectuada sen dita notificación, para os efectos do exercicio do dereito de retracto.

3.- A Sociedade BANTEGAL poderá exercitar o dereito de tenteo durante o prazo de trinta días hábiles a partir do seguinte ao da recepción da notificación, agás que esta fose incompleta ou defectuosa. Neste último caso, a sociedade BANTEGAL poderá requirir á persoa transmitente os datos incompletos ou a subsanación dos defectos, quedando entre tanto en suspenso o prazo sinalado.

Antes de que finalice o prazo para o exercicio do dereito de tenteo, a Sociedade BANTEGAL deberá comunicar á persoa interesada a súa renuncia ao mesmo, en cuxo caso poderá levarse a cabo inmediatamente a transmisión proxectada. O dereito de tenteo caducará senón se exercita no prazo establecido ou transcorridos seis meses dende a comunicación da Sociedade BANTEGAL da súa renuncia ao exercizo do dereito de tenteo.



## XUNTA DE GALICIA

### **Artigo 11.-Procedemento para o exercicio do dereito de retracto.**

1.- A Sociedade BANTEGAL poderá exercitar o dereito de retracto cando non se lle fixera a notificación prevista no artigo precedente, se omitise nela calquera dos requisitos establecidos e non se atendera o requirimento feito pola Sociedade BANTEGAL para a súa subsanación, se producise a transmisión despois de ter caducada a notificación ou antes de que caducase o dereito de tanteo, así como cando se realizase a transmisión en condicións distintas das notificadas.

2.- Este dereito exercitarase no prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación da transmisión efectuada, que a persoa adquirente deberá realizar, no prazo de quince días hábiles seguintes á sinatura do contrato polo que se realice a transmisión, á Sociedade BANTEGAL, indicando as condicións en que se efectuou, mediante entrega de copia do documento en que se tivese formalizado. Se non se realizase a notificación, o prazo de trinta días hábiles contarase dende que BANTEGAL tivese coñecemento da transmisión efectuada e das súas condicións.

3.- Se a transmisión se producise como consecuencia dun procedemento de execución xudicial, a persoa que resulte adxudicatario verase obrigada a dar coñecemento da resolución ao seu favor á Sociedade BANTEGAL. Neste suposto o dereito de retracto deberá exercitarse no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción da dita notificación, aboando como prezo o fixado xudicialmente no remate, sen prexuízo de aboar os demais custos establecidos no punto 6 do artigo 9 desta Lei.

4.- O titular da notaría deberá notificar á Sociedade BANTEGAL calquera transmisión dun predio rústico situado nunha Zona de Especial Interese Agrario, mediante remisión de copia simple da escritura, na que constará a xustificación de ter procedido o transmitente á realización da notificación contemplada no artigo 10 desta Lei e cos requisitos recollidos no mesmo, ou, de ser o caso, a renuncia da Sociedade BANTEGAL ao exercicio do dereito de tanteo.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 12.- Inscripción rexistral.**

Non poderán inscribirse no Rexistro da Propiedade as transmisións efectuadas sobre os predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario senón se acreditara a realización das notificacións contempladas nos artigos precedentes cos requisitos previstos nos mesmos.





XUNTA DE GALICIA

## CAPÍTULO II

### Da incorporación de predios rústicos ao Banco de Terras de Galiza para a súa xestión


#### Artigo 13.- Cesión temporal de predios rústicos ao Banco de Terras de Galiza.

1.- Os entes públicos, de acordo coa súa lexislación aplicable, así como os particulares, poderán ceder por tempo determinado e cunha duración mínima de cinco anos, á Sociedade BANTEGAL, previa aceptación expresa por parte do órgano correspondente da mesma, a xestión do uso e o aproveitamento dos predios rústicos de que sexan titulares ubicados en Zonas de Especial Interese Agrario, para a súa integración no Banco de Terras de Galiza.

2.- A cesión da xestión dun predio rústico a favor de BANTEGAL, conleva de seu a autorización para que a Sociedade ceda o seu uso e aproveitamento a terceiras persoas por un período máximo de cinco anos, sen prexuízo do consentimento ao que fai referencia o artigo 19.5 desta Lei.

3.- A cesión realizarase mediante contrato suscrito pola persoa cedente e o órgano que corresponda da Sociedade BANTEGAL, onde se determinarán as condicións, os dereitos e obrigas das partes, as causas e os efectos de resolución do contrato.

4.- Os bens transmitidos continuarán, no seu caso, inscritos no Rexistro da Propiedade a nome da persoa que teña a condición de propietario, practicándose nota marxinal da cesión á Sociedade BANTEGAL, trala comunicación que necesariamente a Sociedade pública realizará ao Rexistro da Propiedade que corresponda relativa á suscripción dun contrato.





**Artigo 14.- Efectos da cesión.**

1.- A cesión da xestión do uso e o aproveitamento dos predios rústicos a BANTEGAL entenderase sen prexuízo de que a persoa propietaria ou titular poida seguir a realizar a explotación da mesma, así como o cultivo, melloras e demais actuacións que considere precisas, e non o exime de efectuar os labores de conservación e mantemento, en tanto a Sociedade BANTEGAL non dispoña a súa posterior cesión a terceiras persoas.

2.- Calquera actuación que afecte de xeito singular ás características da explotación ou do predio cuxa xestión foi cedida e ao seu valor, deberá ser comunicado á sociedade BANTEGAL cunha antelación mínima de trinta días naturais, para o seu coñecemento, agás supostos de forza maior ou outras circunstancias imprevisíbeis, que deberán comunicarse coa maior brevidade despois do seu acontecemento.

3.- A Sociedade BANTEGAL poderá establecer unha comisión por gastos de xestión non superior ao cinco por cento do prezo da posterior cesión a terceiras persoas, que será descontada das liquidacións efectuadas á persoa titular do predio rústico.

4.- Se o contrato se resolvese con anterioridade á cesión a terceiras persoas do uso e aproveitamento do predio rústico, por causas imputables ao seu propietario, este deberá aboar á Sociedade BANTEGAL unha comisión por gastos de xestión, sen prexuízo das indemnizacións que procedan.

5.- Non se poderá solicitar a resolución do contrato de cesión da xestión do uso e aproveitamento dun predio, no caso de vixencia do contrato de cesión asinado con terceiras persoas.

6.- Rematado o período pactado contractualmente, BANTEGAL garantirá para a persoa propietaria ou titular o rescate do predio en axeitadas condicións de uso.

7.- Durante o período da cesión a BANTEGAL, poderán producirse alteracións de dominio ou titularidade do predio cedido, sempre que leven implícita a subrogación do pacto contractual coas terceiras persoas.



XUNTA DE GALICIA

**TÍTULO IV**

**Da transmisión dos bens incorporados ao Banco de Terras de Galiza**

**Artigo 15.- Réximes de adxudicación.**

A Sociedade Pública BANTEGAL poderá transmitir os bens e dereitos integrantes do Banco de Terras de Galiza mediante os réximes de adxudicación que de seguido se establecen, en función da titularidade do ben de que se trate:

- a) Os bens e dereitos de titularidade da Sociedade Pública BANTEGAL, poderanse adxudicar a terceiras persoas, tanto en propiedade coma en réxime de cesión do uso ou aproveitamento, segundo determine a consellería competente en materia de agricultura a proposta da Sociedade BANTEGAL.
- b) Os bens e dereitos de titularidade de entes públicos ou privados postos a disposición da Sociedade Pública BANTEGAL só poden cederse a terceiras persoas para o seu uso e aproveitamento por tempo determinado.

2.- Uns e outros quedarán necesariamente vencellados aos fins establecidos no artigo 5.2 desta lei. Será en calquera caso causa de resolución do contrato o incumprimento do destino do predio.




XUNTA DE GALICIA

**CAPÍTULO I**

**Do alleamento de bens e dereitos de titularidade da Sociedade BANTEGAL.**

**Artigo 16.- Condicións xerais.**

O alleamento farase polo procedemento de poxa pública, salvo cando a Consellería competente en materia de agricultura previa solicitude da Sociedade BANTEGAL, autorice, individual ou xenericamente, a adxudicación directa dun ben e dereito, mediante acordo motivado en base aos requisitos do artigo 18 desta Lei.






**Artigo 17.- Alleamento mediante poxa pública.**

1.- Nos supostos de adxudicación mediante poxa pública, o prego de condicións conterá, alomenos, os extremos seguintes:

- a) Obxecto e a súa descrición.
- b) Prezo-tipo en función dos valores fixados polo Consello da Xunta segundo o informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores.
- c) Condición de persoa titular de explotación agraria, persoa profesional da agricultura, persoa agricultora a título principal ou moza nos ofertantes, modo de acreditala e destino agrario dos predios obxecto de adxudicación.
- d) Obriga de constituír un depósito previo do 20% do prezo-tipo para poder participar na poxa e procedemento de ingreso.

2.- O procedemento a seguir determinarase regulamentariamente. En todo caso, a celebración da poxa deberá anunciarse no Diario Oficial de Galicia cunha antelación mínima de quince días hábiles.







## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 18.- Alleamento mediante adxudicación directa.

1.- A adxudicación directa de bens e dereitos da titularidade da Sociedade BANTEGAL deberá motivarse na concorrencia, alomenos, dalgunha das seguintes circunstancias:


a) Lindeiro do predio ou predios, previo ofrecemento ás persoas titulares de todos os predios lindantes, aplicándose en caso de concorrencia o establecido no artigo 1523 do Código Civil.

b) Necesidade de ampliación da base territorial de explotacións existentes e en funcionamento, tanto de persoas cultivadoras físicas como de cooperativas agrarias e outras formas asociativas de carácter agrario.

c) Incorporación ao patrimonio público das Administracións por conveniencia medioambiental ou outros motivos de interese social determinado.

d) Acceso ás terras por parte de mulleres labregas que sofren violencia e que tiveron que abandonar a súa casa e as súas terras pola violencia de xénero.

2.- O prezo de adxudicación directa será fixado en función dos valores determinados polo Consello da Xunta segundo o informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores.





**CAPÍTULO II**

**Da cesión a terceiras persoas por tempo determinado**

**Artigo 19.- Cesións dos predios rústicos a terceiras persoas.**

Os predios rústicos integrantes do Banco de Terras de Galiza, poderán ser cedidos pola Sociedade BANTEGAL a terceiras persoas para o seu uso e aproveitamento, mediante calquera negocio xurídico válido en dereito, por tempo determinado. Este prazo, no caso dos bens cedidos para a súa xestión pola Sociedade BANTEGAL, en ningún caso será superior ao período de posta a disposición do predio en favor da mesma.

2.- En caso de concorrencia de solicitudes de cesión sobre unha mesma finca estarase á orde de preferencia establecido no artigo 5.2 da presente Lei.

3.- O contrato de cesión será formalizado pola Sociedade BANTEGAL como cedente e a terceira persoa como cesionaria. As cláusulas do contrato haberán de conter as seguintes determinacións:

- a) Prazo de vixencia da cesión, que non poderá ser superior a 30 anos.
- b) Condicións da cesión e causas e efectos de resolución ou caducidade.
- c) Prezo tipo que será establecido pola Sociedade BANTEGAL, non podendo ser nunca superior aos valores que, para ese ano, teña establecido o Consello da Xunta, previo informe da "Comisión Técnica de Prezos e Valores".

4.- As cesión a terceiras persoas, así como as sucesivas prórrogas, deberán ser comunicadas para o seu coñecemento no seu caso, á persoa titular do predio cunha antelación mínima dun mes antes da entrada en vigor do contrato suscrito.

5.- A cesión a terceiras persoas por un período superior a cinco anos, incluídas as prórrogas ou renovacións, requirirá, no seu caso, consentimento expreso da persoa titular do predio rústico. A oposición da persoa titular á cesión a terceiras persoas, implicará a súa asunción dos gastos de xestión realizados pola Sociedade BANTEGAL, en adiante e ata a nova formalización dun contrato con terceiros.


6.- A Sociedade BANTEGAL comunicará ao Rexistro da Propiedade que corresponda a suscripción do contrato de cesión con terceiros, aos efectos de realizar a oportuna inscrición da cesión e do seu prazo.



## XUNTA DE GALICIA

### **Artigo 20.- Garantía da renda á persoa titular do predio rústico.**

No caso dos predios rústicos cedidos para a súa xestión á sociedade BANTEGAL, esta reembolsará periodicamente á persoa titular do predio rústico o importe que lle corresponda en concepto de renda pola cesión a terceiros, e garantirá a súa percepción con indiferenza do cumprimento ou incumprimento da relación contractual pola persoa beneficiaria da cesión, sen prexuízo da deducción das comisións que se poidan establecer.






XUNTA DE GALICIA

**Artigo 21.- Efectos do acceso á propiedade por parte da persoa beneficiaria da cesión.**

Se no período de vixencia do contrato, a persoa beneficiaria da cesión accedera a propiedade do predio por algún título, quedará extinguida a relación contractual coa Sociedade BANTEGAL, co simultáneo rescate do predio ou explotación pola nova persoa titular.






**Artigo 22.- Causas e procedemento para a resolución das cesións.**

1.- As cesións outorgadas por BANTEGAL sobre os bens integrados no Banco de Terras de Galiza poderán ser resoltas previa tramitación de expediente contradictorio, con audiencia da persoa beneficiaria da cesión, no que se acredite a existencia dalgunha das causas de resolución previstas na normativa reguladora do negocio xurídico de que se trate. Serán ademais causas de resolución:

- a)  incumprimento do destino do predio especificado no contrato de entre os contemplados no artigo 5.2 desta lei.
- b) A declaración firme en vía administrativa do predio como inculto, abandonado ou en estado de grave abandono.

2.- Será competente para a tramitación do expediente a Sociedade BANTEGAL. Antes da declaración de resolución, ofrecerase á persoa beneficiaria da cesión a posibilidade de cumprir as súas obrigas no prazo que se determine previamente durante a tramitación do dito expediente contradictorio.

3.- No acordo que declare resolta a cesión, efectuarase a liquidación desta con valoración expresa e detallada das melloras útiles e subsistentes realizadas pola persoa beneficiaria da cesión, para os efectos do seu pagamento, con dedución dos danos e perdas existentes no predio e fixarase o prazo máximo no que deberá proceder ao desaloxo, que non poderá ser superior a un mes, e comezará a contar ao día seguinte ao da recepción da notificación de non existir colleita pendente e, de existir, ao do seguinte a ser recollida.





**Artigo 23.- Supostos de subrogación.**

1.- Os dereitos de uso e aproveitamento sobre predios rústicos incorporados ao Banco de Terras son indivisíbeis.

2.- No suposto de falecemento, xubilación ou cese na actividade agraria da persoa cesionaria, os dereitos de uso e aproveitamento serán transmisibles a favor das seguintes persoas e na orde que se establece:

a) O cónxuxe ou persoa que estivese convivindo con el no momento en que se produza o feito, neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galiza.


b) Os fillos e descendentes, se prexuízo da posible substitución nos casos dos premortos ou das renunciadas, que teñan dedicación directa e persoal á explotación, con preferencia, se fosen varios, do elixido por el ou, no seu defecto, por elección maioritaria entre eles e, no seu defecto, polo de maior idade.

c) Os fillos e descendentes do cónxuxe ou persoa que convivise co cesionario, nas mesmas condicións do apartado anterior.

d) As persoas traballadoras da explotación, por orden de antigüidade.

3.- A persoa que sexa a nova cesionaria deberá ser maior de idade ou emancipado e reunir ou estar en situación de adquirir as condicións determinantes do contrato, subrogándose no seu título, coas mesmas condicións, dereitos e obrigas, previa autorización da Sociedade BANTEGAL.

4.- O prazo para realizar a subrogación será de seis meses dende que se produciu o feito causante, correspondendo o pago da renda durante dito prazo, de forma solidaria, ás persoas con dereito a subrogarse, salvo que con anterioridade expire o prazo da cesión.





TÍTULO V

Das medidas tributarias e de fomento

Artigo 24.- Medidas tributarias.

As transmisións de predios rústicos do Banco de Terras de Galiza, por medio do seu arrendamento ou cesión a través dos mecanismos previstos nesta Lei, gozarán dunha dedución na cuota tributaria do 75 por 100 no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que lle poidera ser aplicable a esa transmisión.

2.- A aplicación do devandito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento durante un periodo mínimo de cinco anos do destino agrario da finca, agás nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou da edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3.- En caso de incumprimento da antedita condición, o beneficiario deberá ingresar o importe do beneficio gozado máis os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria no prazo de trinta días hábiles dende o incumprimento da condición.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 25.- Axudas e subvencións.

1.- A Consellería competente en materia de agricultura, directamente ou mediante a formalización de convenios coa Sociedade BANTEGAL poderá establecer liñas de axudas destinadas á limpeza, posta en cultivo e melloras, incluso de carácter permanente, nos predios cedidos á Sociedade, das que poderán ser beneficiarios tanto os cedentes como os cesionarios dos predios rústicos.

2.- Tamén poderá celebrar, ben directamente ou a través das entidades crediticias, os oportunos convenios de colaboración para a concesión de préstamos ou subvencións ás persoas beneficiarias da cesión de predios xestionados pola Sociedade BANTEGAL, ben para a súa adquisición ou ben para a limpeza, posta en cultivo ou melloras.

3.- A Sociedade BANTEGAL, con cargo aos seus orzamentos ou polos seus propios medios, contratación de medios alleos ou convenios con terceiros, poderá realizar labores de acondicionamento dos predios nos tres meses seguintes ao inicio do período do contrato de cesión a terceiras persoas, por petición destas, e nos tres meses seguintes ao fin do período dese mesmo contrato, a petición da persoa propietaria, para mellorar as condicións agronómicas dos predios.





XUNTA DE GALICIA

**TÍTULO VI**

**Da Comisión Técnica de Prezos e Valores**

**Artigo 26.- Aprobación dos prezos**

Os valores dos prezos aos que se fai referencia nesta Lei serán aprobados polo Consello da Xunta de Galiza, como valores de referencia máximos para as transaccións que realice a Sociedade BANTEGAL, previo informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores, e serán de aplicación obrigatoria nas transaccións efectuadas pola Sociedade BANTEGAL.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 27.- Comisión Técnica de Prezos e Valores.

1.- Aos efectos referidos, créase a Comisión Técnica de Prezos e Valores, adscrita á consellería competente en materia de agricultura, coa composición e funcións que se sinalan nesta Lei.

2.- Forman parte da Comisión Técnica de Prezos e Valores :

- a) Unha presidencia, nomeada pola consellería competente en materia de agricultura.
- b) Unha vogalía nomeada pola consellería competente en materia de economía.
- c) Unha vogalía nomeada pola consellería competente en materia de ordenación do territorio.
- d) Unha vogalía nomeada pola consellería competente en materia de medio ambiente.
- e) Unha vogalía nomeada polo organismo representativo dos municipios e provincias galegas.
- f) Unha vogalía nomeado pola Xerencia Territorial do Catastro.
- g) Unha vogalía nomeada polo asociacionismo do cooperativismo agrario galego.
- h) Tres vogalías nomeado polos representantes das organizacións profesionais agrarias pertencentes ao Consello Agrario Galego.

3.- O Consello de Administración da Sociedade BANTEGAL poderá nomear ate tres representantes na Comisión Técnica de Prezos e Valores, con dereito a voz pero sen voto.

4.- Na secretaría, con dereito a voz pero sen voto, actuará un funcionario ou funcionaria da consellería competente en materia de agricultura.

5.- O funcionamento da comisión axustarase ao disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, título II, capítulo II, sobre órganos colegiados.




**Artigo 28.- Informe anual.**

1.- A Comisión Técnica de Prezos e Valores recibirá o Informe Anual de Actividades da Sociedade BANTEGAL e os informes sobre Prezos e Valores que elaboren os Servizos Técnicos Agrarios da consellería competente en materia de agricultura e a propia Sociedade BANTEGAL.

2.- Polas evidentes diferenzas nas distintas zonas do país, e mesmo pola variabilidade ao longo do tempo, a Comisión Técnica de Prezos e Valores emitirá un informe anual preceptivo para a fixación polo Consello da Xunta dos prezos a aplicar pola Sociedade BANTEGAL, no que constará:

- a) Prezo mínimo que establecerá a sociedade BANTEGAL nos contratos de cesións e outras transaccións, determinado por zonas xeográficas en función de parámetros como produtividade, ubicación, configuración xeofísica e aquelas outras que tecnicamente se consideren.
- b) Aqueloutras consideracións e recomendacións que considere oportunas respecto da xestión do Banco de Terras de Galiza e da súa Sociedade xestora.





# XUNTA DE GALICIA

## TÍTULO VII

### Dos predios incultos ou abandonados

#### CAPÍTULO I

#### Das condicións para a súa declaración

##### Artigo 29.- Obxecto.


Poderán ser declarados predios incultos ou abandonados, coas consecuencias que se contemplan nesta lei e as normas que a desenvolvan, aqueles que radiquen nas Zonas de Especial Interese Agrario e nos que se dean as seguintes condicións:

- a) Predio inculto: Predio rústico cunha cobertura evidente de matogueira ou dos seus restos, no caso de ter ardido, de especies leñosas e arbustivas, cunha porcentaxe de ocupación superior ao 50% de extensión superficial e porte medio superior a 50 cm.
- b) Predio abandonado: Predio rústico non sometido a ningunha práctica cultural ou mínimo laboreo, non cultivado nin destinado a pastoreo, nin ao mantemento dunha cuberta vexetal adecuada desde o punto de vista medioambiental, cunha porcentaxe de ocupación de matogueira e dos seus restos superior ao 75% de extensión superficial e porte medio superior a 50 cm., así como as plantacións forestais realizadas en terras de vocación produtiva agraria cando a cuberta vexetal de sotobosque, de natureza herbácea ou arbustiva, presente un estado que propicie de forma grave a aparición de incendios.
- c) Predio en situación de grave abandono: Predios incultos ou abandonados que, pola súa situación, poidan favorecer a aparición e propagación de lumes, fenómenos de erosión, e unha especial incidencia de malas herbas, pragas ou enfermidades que poidan afectar aos predios colindantes ou que a súa falta de mantemento permita o desenvolvemento incontrolado de vexetación espontánea invasora que ameace con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico do predio ou zona de cultivo determinada e con afectar por extensión aos campos de cultivo circundantes.



**Artigo 30.- Excepcións.**

Non procederá a declaración como predio inculto ou abandonado nos seguintes supostos:

- 
- a) Os predios que estean incorporados ao Banco de Terras de Galiza, agás as que a Sociedade BANTEGAL teña cedido a terceiras persoas.
  - b) Os que se atopen en proceso de concentración parcelaria, dende o inicio das obras da rede de camiños principais ate transcorridos seis meses dende a toma de posesión.
  - c) Os predios que por conveniencia medioambiental, destino cinxético ou circunstancias análogas de interese social determinado, declarados polo órgano que corresponda da consellería competente en materia de medio ambiente, fagan inviable a súa explotación agraria, sempre que reciban as axeitadas labores de mantemento, e que non representen risco de lume nin prexuízo a colindantes.
  - d) Os predios rústicos en situación de barbeito ou posío sempre que a súa situación non poida favorecer fenómenos de erosión ou de aparición de lumes, así como invasión de malas herbas, pragas ou enfermidades que representen prexuízo a colindantes.
  - e) Aqueles sobre os que se realice, cando menos, agricultura de conservación, entendendo por tal, as diversas prácticas agronómicas adaptadas ás condicións locais dirixidas a alterar o menos posible a composición, estrutura e biodiversidade dos solos agrícolas, evitando así a súa posterior erosión e degradación, e que non representen risco de lume nin prexuízo a colindantes.



XUNTA DE GALICIA

**CAPÍTULO II**

**Do procedemento**

**Artigo 31.- Incoación.**

A incoación do expediente de declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono farase de oficio na delegación da consellería competente en materia de agricultura do territorio onde estea situado o predio.






## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 32.- Tramitación.

A tramitación do expediente rexeráse polas disposicións previstas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, respectando en todo caso o trámite de audiencia aos interesados no procedemento. En todo caso darásese traslado ao órgano competente en materia de medio ambiente para a posible declaración de conveniencia ambiental aos efectos da aplicación da excepción prevista no artigo 30.c) da presente Lei.






**Artigo 33.- Finalización.**

1.- A declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono, farase pola persoa titular da delegación provincial da consellería competente en materia de agricultura, previo informe dos servizos técnicos da mesma delegación.

2.- O procedemento deberá ser resolto e notificado aos interesados no prazo de seis meses, que comezará a contar dende a data da incoación. Se non fose notificado neste prazo producirase a caducidade do mesmo, sen prexuízo de que se poida iniciar outro expediente se se mantivese a situación de abandono.

Así mesmo, se se constatase polos servizos técnicos que no decurso da tramitación do expediente cesa a situación de abandono, o órgano competente para resolver o procedemento poderá declaralo finalizado e ordenar o arquivo do expediente.

3.- A resolución do delegado poderá ser recurrida en alzada ante o conselleiro competente en materia de agricultura, na forma e prazo contemplados nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.







**Artigo 34.- Consecuencias da declaración de predio inculto, abandonado ou en situación de grave abandono.**


1.- Na resolución que declare estas situacións, outorgarase un prazo, que non excederá dun mes, para que a persoa titular do predio elixa algunha das seguintes

opcións:

- a) A realización dunha agricultura de conservación, nos termos establecidos no artigo 30 e) da presente lei.
- b)  seu alleamento, arrendamento ou calquera outro negocio xurídico válido, en favor de calquera persoa agricultora profesional ou moza.
- c) A súa incorporación ao Banco de Terras de Galiza.

2.- Notificada a opción que se pretenda, esta deberase levar a cabo no prazo de dous meses seguintes á data en que a decisión da persoa interesada teña entrada no rexistro do órgano competente.

3.- No caso de interposición de recurso de alzada, entenderáse suspendida a executividade da resolución ata a resolución deste.





## XUNTA DE GALICIA

### **Artigo 35.- Ausencia de propietario.**

Se durante a tramitación do expediente se evidenciase a inexistencia de propietario coñecido, iniciárase o procedemento legal pertinente para clarificar a propiedade e no seu caso para a incorporación do predio ao patrimonio público, sen prexuízo da realización das actuacións que posibiliten a súa incorporación ao Banco de Terras de Galiza.





# XUNTA DE GALICIA

## TÍTULO VIII

### Do réxime sancionador

#### Artigo 36.- A actuación inspectora.

1.- A consellaría competente en materia de agricultura desenvolverá actuacións de control e de inspección sobre todos os predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario, co fin de comprobar a súa adecuación ás condicións establecidas nesta lei e normas que a desenvolvan, para garantir a preservación do contorno e das condicións ambientais.


2.- Para estes efectos, o persoal desta consellaría que desenvolva estas funcións ten a condición de axente da autoridade, e os feitos constatados e formalizados por eles nas correspondentes actas de inspección e denuncia terán a presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar os interesados.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 37.- Infraccións administrativas.**

Constitúe infracción administrativa en materia de abandono calquera acción ou omisión tipificada nesta lei polo que respecta os predios rústicos situados en Zonas de Especial Interese Agrario.





**Artigo 38.- Tipificación de infraccións.**

As infraccións administrativas en materia de abandono de predios rústicos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións de carácter leve:

- a) A falta de notificación á administración da opción elixida, consonte co establecido no artigo 34.1 desta lei, cando o predio declarado inculto, abandonado ou en situación de grave abandono, teña unha superficie igual ou inferior a unha hectárea.
- b) O incumprimento da realización da opción elixida no prazo outorgado, consonte co previsto no artigo 34.2 desta lei, cando o predio declarado inculto ou abandonado teña unha superficie igual ou inferior a unha hectárea.
- c) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas a predios colindantes e as que afecten á integridade ou o funcionamento de bens e sistemas públicos, en ambos casos por importe inferior a 3.000 euros.
- d) A subministración incompleta de información ou documentación necesarias para as funcións de inspección e control administrativo.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigas establecidas nesta lei que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:


- a) A falta de notificación á administración da opción elixida, consonte co establecido no artigo 34.1 desta lei, cando o predio declarado inculto ou abandonado teña unha superficie superior a unha hectárea.
- b) O incumprimento da realización da opción elixida no prazo outorgado, consonte co previsto no artigo 34.2, cando o predio declarado inculto ou abandonado teña unha superficie superior a unha hectárea.
- c) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas a predios colindantes e as que afecten á integridade ou o funcionamento de bens e sistemas públicos, en ambos casos por importe entre 3.000 e 15.000 euros.
- d) A obstrucción ou a negativa a subministrar datos, ou a facilitar as funcións de información, vixilancia ou inspección que pratique a Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, así como subministrar información inexacta ou documentación falsa.
- e) O mantemento do predio en situación de inculto, abandono ou grave abandono transcorrido un ano dende a data da notificación da súa declaración.



## XUNTA DE GALICIA

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

- a) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas a predios colindantes e as que afecten á integridade ou o funcionamento de bens e sistemas públicos en ambos casos por importe superior a 15.000 euros.
- b) O mantemento do predio en situación de inculto, abandono ou grave abandono transcorridos máis de dous anos desde a data da notificación da súa declaración.





**Artigo 39.- Sancións.**


1.- As infraccións tipificadas nos apartados anteriores serán sancionadas coas multas seguintes:

a) Infraccións leves: apercibimento ou multa ata 600 euros.

b) Infraccións graves: multa entre 601 e 3.000 euros.

c) Infraccións moi graves: multa entre 3.001 e 6.000 euros.

2.- O apercibimento só procederá no suposto de infraccións leves, sempre e cando a persoa infractora non fose sancionado con anterioridade por calquera infracción das tipificadas nesta lei.





# XUNTA DE GALICIA

## Artigo 40.- Gradación das sancións.

1.- Para a determinación concreta da sanción que se imponha, entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou simple negligencia
- b) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia, por comisión no prazo de dous anos doutra infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme. Este prazo comezará a contar desde que a resolución adquirise firmeza en vía administrativa.
- e) A extensión da superficie do predio.

2.- Malia o recollido no apartado anterior, a contía da sanción poderase minorar motivadamente, a xuízo do órgano competente para resolver segundo o tipo de infracción de que se trate, en atención ás circunstancias específicas do caso, entre elas o recoñecemento e a emenda da conduta infractora e a reparación dos danos causados, antes de que se resolva o correspondente expediente sancionador, cando a sanción resulte excesivamente onerosa.

3.- Os criterios de gradación recollidos no apartado 2 non poderán utilizarse para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4.- A proposta de resolución do expediente e a resolución administrativa que recaia deberá explicitar os criterios de gradación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados no apartado 1 deste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción imporase na contía mínima prevista para cada tipo de infracción, sen prexuízo do disposto no apartado 2 deste artigo.






XUNTA DE GALICIA

**Artigo 41.- Reparación do dano ou indemnización.**

Con independencia da sanción que lles fose imposta, as persoas infractoras poderán ser obrigados a reparar o dano causado á administración, ou de non ser posible, a indemnizar os danos e perdas. Estes danos determinaranse segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora, que establecerá a forma e o prazo en que a reparación deberá levarse a cabo ou, no seu caso, a imposibilidade da reparación e conseguinte establecemento da indemnización.





**Artigo 42.- Multas coercitivas e execución subsidiaria.**

1.- Se os infractores non procederan á reparación ou indemnización na forma e prazo outorgados na resolución, non elixiran algunha das opcións previstas no artigo 34.1 desta Lei ou non a executaran nos termos establecidos no apartado 2 do mesmo artigo, o órgano que ditou a resolución poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.

2.- As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, e o seu importe non poderá ser superior a 2.000 euros.

3.- A execución pola administración da reparación ordenada será de conta do infractor.



**Artigo 43.- Responsabilidade.**

A responsabilidade da infracción recaerá sobre:

1.- A persoa física ou xurídica titular do dominio ou doutro dereito real de gozo sobre os predios, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso ou aproveitamento en favor dunha terceira persoa.

2.- De existir, a persoa física ou xurídica que sexa titular dos predios en réxime de arrendamento, parzaría ou calquera outro dereito de uso ou aproveitamento análogo, agás que no decurso do expediente demostraren que as persoas arrendadoras ou cedentes lles impiden o normal desenvolvemento dos dereitos de uso ou aproveitamento dos predios, en cuxo caso a responsabilidade recaería sobre estes.

3.- Os *habentes causa* das herdanzas indivisas e comunidades hereditarias; os representantes das herdanzas xacentes; os cotitulares das sociedades gananciais e comunidades de bens; os membros de sociedades civís e entidades carentes de personalidade xurídica, todos eles propietarios de predios rústicos que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso ou aproveitamento en favor dunha terceira persoa. De ser o caso, as persoas copartícipes responderán solidariamente das sancións impostas.



## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 44.- Órganos sancionadores competentes.

1.- O órgano competente para incoar o expediente sancionador será a persoa titular da delegación provincial correspondente da consellaría competente en materia de agricultura do territorio onde radique o predio, e de existir varias competentes, a correspondente á superficie do predio de máis extensión.

2.- Os órganos competentes para a imposición das sancións previstas nesta Lei serán os seguintes:


- a) Para sancionar infraccións de carácter leve ou grave, a persoa titular da delegación provincial da consellería competente en materia de agricultura, no territorio do ámbito da súa competencia.
- b) Para sancionar infraccións de carácter moi grave, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de estruturas agrarias.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 45.- Duración do procedemento sancionador.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será dun ano, contado dende a data de inicio do procedemento administrativo sancionador.






## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 46.- Prescrición das infraccións.

1.- As infraccións leves ás que se refire esta lei prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

2.- O termo da prescrición comezará a correr dende o día en que se cometese a infracción, agás no suposto de infraccións continuadas, en que o prazo de prescrición comezará a contar dende o momento de finalización da actividade, do último acto co que a infracción se consuma ou dende que se eliminou a situación ilícita.

3.- Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento da persoa presunta responsable, do procedemento sancionador.






XUNTA DE GALICIA

**Disposición Adicional Única.- Comunicación de instrumentos de planeamento urbanístico.**

Aprobado inicialmente un instrumento de planeamento urbanístico que afecte a predios rústicos incluídos nas Zonas de Especial Interese Agraria ou incorporados ao Banco de Terras de Galiza, e, ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar o informe da consellería competente en materia de agricultura.





## XUNTA DE GALICIA

### **Disposición Final Primeira.- Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes veciñais en man común.**

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes veciñais en man común, queda modificada como segue:

Unha O artigo 27 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes veciñais en man común, queda redactado do seguinte xeito:

"1. Os montes veciñais en man común serán xestionados cautelamente pola consellaría competente en materia de montes nas seguintes situacións:

- a) Por extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte de xeito provisional ata que, no seu caso, se reconstitúa a comunidade, e sempre que a parroquia onde radique o monte non exerza o seu dereito conferido no artigo 20 desta lei.
- b) Cando sexa declarada a situación de estado de grave abandono ou degradación do monte veciñal, consonte co contemplado na presente lei.

2. A consellaría competente en materia de montes poderá exercer a xestión cautelar contemplada no apartado 1 deste artigo directamente, ou ben mediante a súa encomenda a entes ou empresas cuxo capital sexa íntegramente público.

Dous.- O artigo 30 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes veciñais en man común, queda redactado do seguinte xeito:

"1. Decretado un monte en estado de grave abandono ou degradación a consellaría competente en materia de montes tomará ao seu cargo no prazo de dous anos a execución do Plan de xestión e mellora integral proposto debendo render conta da súa xestión á Xunta Reitora para información á Asemblea anual da Comunidade.

2. No suposto en que, consonte co previsto no artigo 27.2 desta lei, se teña encomendada a xestión cautelar do monte veciñal a un ente ou empresa cuxo capital sexa íntegramente público, a execución do Plan de xestión e mellora integral e a rendición de conta a que se refire o apartado anterior corresponderá ao mesmo ente ou empresa.

3. Os beneficios derivados do Plan de mellora e aproveitamento dos montes xestionados cautelamente, unha vez deducidos dos gastos e investimentos na xestión e mellora do monte, serán para a comunidade. Se non existise ésta, serán para o concello ou concellos onde radique o monte que os destinará a melloras de interese xeral nas parroquias correspondentes."





## XUNTA DE GALICIA

### **Disposición Final Segunda.- Modificación da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galiza.**

Un.- Modifícase o artigo 31 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da lei de concentración parcelaria para Galiza, que queda redactado do seguinte xeito:

"1. Constituirase unha masa común de terras en cada zona que se concentre, que se nutrirá cos sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución.

2. A finalidade da masa común de terras será a corrección de erros manifestos dos que deriven prexuízos para as persoas afectadas pola concentración. Transcorrido un ano dende que o Acordo de concentración sexa firme, os fondos restantes pasarán a integrar o Banco de Terras de Galiza, sen prexuízo da adxudicación de predios integrantes do mesmo que se realice por decisión do órgano competente en materia de agricultura, como consecuencia de actas complementarias ou de rectificación da de reorganización da propiedade.

3. A titularidade dos bens e dereitos que constitúen a masa común corresponderalle á Comunidade Autónoma de Galiza durante o ano seguinte á firmeza do Acordo de concentración. Estes bens e dereitos quedarán adscritos á consellaría competente en materia de agricultura, que estará autorizada a exercer as funcións dominicais sobre este patrimonio segundo o establecido na lexislación patrimonial, agás cando estean atribuídas por dita lexislación ao Parlamento ou ao Consello da Xunta de Galiza, sen prexuízo do informe previo da Consellaría de Economía e Facenda para os actos de disposición sobre bens inmoables.

A xestión do aproveitamento e a ordenación e o fomento da produción forestal respecto aos terreos que estean considerados de uso forestal corresponderá ao órgano competente en materia de montes.

4. A Administración autonómica terá un prazo dun ano para a corrección de erros, que se contará dende que o Acordo de concentración sexa firme. Transcorrido o devandito prazo, atribuiráse a titularidade destes bens e dereitos á Sociedade BANTEGAL, para a súa incorporación ao Banco de Terras de Galiza e sen prexuízo das adxudicacións de predios que como consecuencia de rectificacións se leven a cabo. A adxudicación destes predios realizada como consecuencia de rectificacións, levarase a cabo pola Sociedade BANTEGAL previa decisión da Dirección Xeral



## XUNTA DE GALICIA

correspondente da Consellería competente en materia de agricultura, e reflectirase nun acta complementaria da de reorganización da propiedade e inscribírase no rexistro a favor das persoas adxudicatarias.

En aras da protección da seguridade xurídica e da salvagarda dos dereitos dos cidadáns, a consellaría competente en materia de agricultura deberá notificar ao Rexistro da Propiedade correspondente a data da firmeza do Acordo de concentración, nun prazo de quince días hábiles desde que esta se produza."

Dous.- As restantes referencias contidas na Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da lei de concentración parcelaria para Galiza ao fondo de terras, entenderase feitas ao "Banco de Terras de Galiza".



## XUNTA DE GALICIA

**Disposición Final Terceira.- Período transitorio para a incoación de expedientes sancionadores.**

A incoación de expedientes sancionadores recollidos no Título VII desta Lei non poderá iniciarse ata transcorrido un ano desde a declaración de Zona de Especial Interese Agrario polo Consello da Xunta, ou de ser o caso, da declaración de firmeza do Acordo de concentración parcelaria ao que se refire o artigo 2.2 desta lei.






XUNTA DE GALICIA

**Disposición Final Cuarta.- Desenvolvemento regulamentario.**

Facúltase á Xunta de Galiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da presente lei.





XUNTA DE GALICIA

**Disposición Final Quinta.- Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



Asdo. José Luís Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Admón.  
Públicas e Xustiza.

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.1.1 LEIS
    - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
    - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
    - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
    - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
    - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
    - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
    - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
    - 3.1.2 OBXECCIÓNS
    - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
    - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
    - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
    - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.5.1 MOCIÓNS
    - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
    - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
    - 3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
      - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
      - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
      - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
      - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
      - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
      - 3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
    - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
    - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
    - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
    - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
  - 4.2 INTERPELACIÓNS

- 4.3 PREGUNTAS
    - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
      - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
      - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
    - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
    - 4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPONDA POR ESCRITO
  - 4.4 RESPONDA A PREGUNTAS
  - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDIMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDIMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
      - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
      - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
      - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
      - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
      - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓNS DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓNS PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 7. COMPOSICIÓNS DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓNS E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓNS DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
      - 7.1.1 COMPOSICIÓNS DO PLENO
      - 7.1.2 COMPOSICIÓNS DA DEPUTACIÓNS PERMANENTE
      - 7.1.3 COMPOSICIÓNS DA MESA DO PARLAMENTO
      - 7.1.4 COMPOSICIÓNS DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
      - 7.1.5 COMPOSICIÓNS DAS COMISIÓNS
      - 7.1.6 COMPOSICIÓNS DA MESA DAS COMISIÓNS
      - 7.1.7 COMPOSICIÓNS DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
      - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
      - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
      - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
      - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
    - 7.3 ORGANIZACIÓNS E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
      - 7.3.1 CONSTITUCIÓNS DO PARLAMENTO
      - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓNS POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
      - 7.3.3 CONVOCATORIAS
      - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
        - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓNS DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓNS PERMANENTE
        - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
        - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
        - 7.3.4.4 HABILITACIÓNS DE DÍAS HÁBILES
        - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
        - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
      - 7.3.5 DISOLUCIÓNS DO PARLAMENTO
  - 8. ADMINISTRACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓNS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES
      - 8.3.1 CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVA
      - 8.3.2 XESTIÓNS ECONÓMICA
      - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
      - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
      - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
  - 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



---

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

---